



Presentación de Coloquios na Encrucillada

Tito Suárez Pérez

«Os homes morren e non son felices». Fago miñas estas palabras de Calígula, da obra, do mesmo nome, de Albert Camus. Esa é a verdade do tolo emperador, e por iso devecía pola lúa, a felicidade ou a inmortalidade.

Coido que este é un bo marco para situarnos sempre, porque é, no meu entender, unha sintética e boa definición do ser humano.

Como mostra disto pode servir estes *Coloquios na Encrucillada*, pois a pandemia da COVID-19 nos impide xuntarnos para escoitar os relatorios do que proxectáramos ía ser o Foro 2020. Nos diferentes textos que publicamos neste número abordamos a lectura da Biblia hoxe.

É sabido que o home é o único animal que sabe que morre; o único que ten unha relixión que, aparte das indiscutíbeis funcións socioculturais –como pode ser a identidade dun pobo ou o consolo, que tanto se bota en falta agora mesmo nesta situación pandémica–, dota de sentido a súa existencia; e é o único que vai á procura dun Deus que lle sae ó encontro.

Cando o *homo habilis* libera por completo as mans e se pon en pé (*homo erectus*) desenvolve a tecnoloxía, a cultura, e xorde a conciencia de si. Dende entón, cando reflexiona, o home arela esa felicidade que non acadada nesta vida.

O sufrimento, a dor, acompañanos dende que nacemos, é a nosa sombra neste camiñar pola existencia terreal; faise tan difícil integrala na vida coma pisala.

Tamén xa nas orixes da civilización o ser humano é sensible á escoita da Transcendencia. Ao principio a bóveda celeste chama a súa atención. De contado descubrirá ós deuses..., a Deus; porque naceu nel tamén a conciencia relixiosa.

No amencer dos tempos atopamos homes e pobos máis receptivos a esta escoita, máis atentos a unha revelación que ten a iniciativa no ser creador, agroman ritos e textos que queren expresar esa comunicación bidireccional. Os ritos teñen a intención de comunicar ó home coa Transcendencia, e os textos son o Misterio falándolle ós homes.

Sen dúbida, a Biblia é a máis grande expresión disto último. Nela o ser humano vai crescendo coma un neno na compañía dun Deus que tamén ri, chora, encolerízase, castiga e perdoa.

No texto bíblico vese como Deus vai educando a súa criatura, como vai madurando até que é capaz de independizarse e vivir fóra da casa –ás veces, lamentablemente, esquecéndose de onde é e de visitar ao pai ou lembrarse del–.

Pero adentrarse na Biblia hoxe non é doado. Son outros tempos, outras linguas ben distintas do simple, pobre e dinámico hebreo; do refinado e preciso grego, ou do arameo. As comparacións daquelas sociedades non teñen parangón con esta –en puridade, case se pode dicir que ningunha anterior á década dos oitenta do século XX se podería comparar con estes tempos–. A distancia é abismal, se lle falamos a un mozo dun gran de mostaza pensará nun sobre-ciño ou nun bote amarelo da hamburguesería; por non mencionar o das espigas arrincadas en sábado ou o da artesa –por cinguirnos ó Novo Testamento; porque, se tratamos do Antigo, tomaría a anti-güidade por un conto ben bárbaro, enchido de crueldade e accións, cando menos, escandalosas–.

Por iso, é preciso saber que a Biblia son 73 libros escritos ao longo duns dez séculos, en distintos lugares e por autores de diferente procedencia sociocultural. Ademais, case todos os textos teñen como primeiro destinatario o pobo xudeu, un pobo de pastores, agricultores e artesáns –moitos dos enigmas da existencia

están recollidos con exemplos de plantas da zona coma a vide ou o xoio, tamén con animais: ovellas, porcos...–; e o marco xeográfico é unha franxa de terra no extremo oriental do Mediterráneo, cruce de continentes e culturas.

A todo o dito, témoslle que sumar máis detalles: dende finais do século II a. C existen dúas biblias: a hebrea e a *Septuaginta*, chamada esta así por ser 70 –serían 72, mais movémonos no ámbito das lendas, a realidade é outra– os tradutores ao grego do texto hebreo, coa finalidade de que os xudeus da diáspora puideran ter acceso ás Escrituras, pois descoñecían a lingua orixinal. Esta coexistencia do texto masorético –así chamamos a hebrea– e o grego non é indiferente, pois hai algunhas disparidades de fondo calado. Tamén é de subliñar que a versión grega foi a máis utilizada polas primeiras comunidades cristiás.

Pero a complexidade deste fascinante texto non queda niso. A mesma forma de interpretar as escrituras pasou por distintas etapas coñecidas. Foi de tomar o texto ao pé da letra até a libre interpretación.

E respecto á inspiración, tamén tivo os seus momentos: nas primitivas comunidades helenísticas pensaban que os autores escribían ó ditado de Deus –o que levará a graves problemas interpretativos ante manifestas contradicións ao longo do relato bíblico–; xa na Patrística e na Escolástica entenden que o home é un instrumento do que se serve Deus, e no texto queda impresa a pegada do autor e os seus condicionantes socioculturais.

En relación con isto está a cuestión do canon, os textos aceptados como inspirados.

Tal asunto ten a súa historia, tanto no texto veterotestamentario coma no texto exclusivamente cristián.

O criterio de que libros conforman o canon queda en mans das autoridades relixiosas; é un proceso longo, de moitos anos ou séculos, e obedece a factores diversos, que sociais, quer teolóxicos...

No cristianismo, por exemplo, a razón máis importante foi a de preservar a ortodoxia fronte a incipientes herexías. Foi urxente e necesario recoñecer uns evanxeos como normativos e os outros – que xa circulaban paralelamente¹– como apócrifos –e que enchen moitas veces baleiros dos relatos canónicos (hainos da natividade de Xesús, da infancia, da paixón e resurrección...) para entrar no imaxinario e crenzas colectivas–.

Á súa vez, a Biblia contén numerosos xéneros literarios. Dependendo do que o autor queira transmitir e de como desexe afectar ós lectores, sérvese de un ou de outro. Na Biblia hai poesía, xénero profético, apocalíptico... –lembremos que son moitos e diferentes libros–. Cada un dos xéneros ten a súa clave interpretativa, e ás veces é difícil de comprender se non se está familiarizado ou non se ten certa preparación.

Hoxe a exexese é un traballo científico que pasou por distintas etapas tamén. Julio Trebolle na hermenéutica moderna distingue cinco ben claras². No Renacemento o máis importante era a volta ás linguas orixinais e a autenticidade dos textos; a maior inquedaanza será filolóxica. Seguidamente, na Ilustración, a metodoloxía adquire aspectos profanos e fará unha lectura crítica dos textos sagrados. A hermenéutica do Romanticismo é un intento de achegarse e interpretar o espírito antigo, o dos libros sagrados. O textos son escritos no seu contexto e nun ámbito concreto. Unha lectura atenta e actualizada debe telo en conta. Na interpretación poscrítica ten especial relevancia Gadamer, que recorre á tradición para facer unha peneira entre *verdadeiros* e *falsos* prexuízos –inevitábeis sempre–. Ao entender do filósofo alemán, a tradición é boa mediadora entre o lector e as orixes do texto. Finalmente, isto deu

1 Lembremos o que di san Lucas (Lc 1, 1-4): «Posto que moitos emprenderon a tarefa de narrar os feitos ocorridos entre nós, tal como nolos transmitiron desde o principio as testemuñas oculares e máis os predicadores da palabra, decidín eu tamén, despois de me informar con tino desde as orixes escribírchos ordenadamente para ti, ilustre Teófilo, a fin de que coñezas ben a firmeza das ensinanzas nas que te instruíron».

2 TREBOLLE, J., *La Biblia judía y la Biblia cristiana. Introducción a la historia de la Biblia* (pp. 593, 607). Editorial Trotta. Madrid, 1993.

nos métodos histórico-críticos que pretenden descubrir por que o texto que a nós chega é así, as fontes, a orde e o contexto do autor e os seus lectores de entón. Como di Antonio Piñero³, é o mesmo método que se emprega para o estudo de calquera texto da antigüidade, ou a análise crítica de calquera texto, sen afectar en nada á inspiración divina do escrito que ten para os crentes.

Así as cousas, hai que recoñecer que dende os últimos 35 anos, aproximadamente, a lectura da Biblia foi a máis entre os católicos⁴ —é de salientar tamén que as igrexas protestantes tiveron sempre ás Sagradas Escrituras máis presentes na súa catequese e formación que a católica— debido ó Concilio Vaticano II, en concreto a constitución *Dei Verbum*, que recomenda a súa lectura; e asemade froito do pulo da Nova Evanxelización, que insiste nesta necesidade.

Ó mesmo tempo, a Biblia é un texto capital na nosa cultura, que ten que interesar a calquera que teña curiosidade por saber dos misterios e inxedanzas do ser humano.

Os nosos valores, a nosa concepción antropolóxica e a nosa cultura —que ten a súa propia exexese feita dende a música, a literatura, a pintura...— afúndense na Biblia, que é moito máis que centenaes de páxinas.

Para algúns este libro é a voz da humanidade; para outros é a voz de Deus. Mais en todo caso, a escoita é necesaria.

En fin, é admitido que toda xeración e cada un de nós ten a obriga de actualizar o texto bíblico, de facelo seu, polo que o redescubrimento é continuo. Recordo que Hans Küng di que «Unha crítica seria da Biblia [...] pode contribuír a que a boa nova non se quede encerrada nun libro senón que volva ser anunciada con maior vida en cada nova época. [...] os actuais anunciadores da

3 PIÑERO, A., *Aproximación al Jesús histórico* (2.^a ed.), (pp. 153-154). Editorial Trotta. Madrid, 2018.

4 Aínda que, paradoxalmente, penso que seguen sendo válidas as palabras de Albert Vidal, nas que se lamentaba de que nunca antes como arestora a Biblia fora tan estudada e tan pouco coñecida polo pobo cristián. VIDAL, A., *Encuentro con la Biblia* (páx. 9). Madrid: Ediciones Paulinas. 1989.

mensaxe poden e deben transmitir ao seu modo, no seu tempo e no lugar no que se atopan a ‘mensaxe antiga de forma nova’⁵.

Animámosvos a formar grupos de reflexión e a participar nos Coloquios na Encrucillada deixándonos levar da man de Marta García, que tratará o Antigo Testamento; Carmen Bernabé, o Novo; e Andrés Torres Queiruga, que se fará cargo da hermenéutica.

Tito Suárez Pérez
Consello de Redacción de Encrucillada

5 KÜNG, H., *Ser cristiano*, páx. 497. Editorial Trotta, Madrid, 1996. (A tradución do fragmento é nosa).